

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA E A FUNDACIÓN ARUME PARA O IMPULSO Á XESTIÓN FORESTAL ACTIVA

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021



REUNIDOS

Pola Consellería do Medio Rural, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se dispón o seu nomeamento, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), José Luis Cabarcos Corral, director da Axencia, nomeado polo Decreto 156/2020, do 17 de setembro, e consonte as facultades para subscribir, con entidades públicas e privadas en nome da Axencia, convenios de colaboración que lle outorga a Resolución do 24 de abril de 2013 de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Calidade Alimentaria en aplicación do disposto no Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

Pola Fundación "Arume", José Carballo García, presidente do padroado da Fundación, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 18 dos seus estatutos. A Fundación "Arume" constituíse en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela (A Coruña) o 10 de xuño de 2019, ante o notario Héctor Ramiro Pardo García, co número de protocolo 556

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural (en diante CMR), conforme o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento que dispón das competencias, a través da súa Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal, en materia de desenvolvemento das medidas

relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

SEGUNDO.- A Fundación "Arume" (en diante Fundación), foi declarada de interese para o desenvolvemento forestal de Galicia mediante Orde do 26 de febreiro de 2020 (DOG nº 47 do 10 de marzo de 2020, adscribíndoa ao Protectorado da Consellería do Medio Rural. No Padroado da Fundación están representadas as seguintes entidades e organizacións da cadea forestal e da madeira de Galicia: Asociación Forestal de Galicia (AFG), Asociación Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA), Asociación de Viveiros Forestais de Galicia (VIFOGA), Asociación de Empresas de Servizos Forestais de Galicia (SERFOGA), Federación de Aserradores e Rematantes de Madera de Galicia (FEARMAGA), Asociación de la 1ª Transformación de la Madera de Lugo (LUGOMADERA), Asociación Monte Industria, Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia e a entidade financeira Abanca.

Entre os seus obxectivos figura a promoción do valor e o uso dos montes galegos, mediante o impulso de plans integrais e a realización de actuacións de dinamización e recuperación dos montes e a financiar actividades de investigación, de innovación, de formación, de comunicación e de divulgación coa finalidade de mellorar os montes de coníferas.

TERCEIRO.- A Axencia Galega de Calidade Alimentaria (en adiante AGACAL), conforme o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento que dispón das competencias en materia de investigación agraria e forestal, e nese ámbito, en particular, na mellora xenética e conservación dos recursos forestais.

CUARTO.- Que todas as entidades comparten os seguintes obxectivos comúns:

- Promover actividades de investigación, en particular nos ámbitos da mellora xenética das coníferas.
- Producir materiais xenéticos de coníferas de maior calidade e en particular, aqueles que amosen significativa resistencia fronte a pragas e enfermidades forestais.
- Fomento de accións dirixidas a impulsar nas repoboacións forestais de Galicia o material xenético producido e divulgar o papel que estas repoboacións xogan nas políticas de descarbonización, loita fronte o cambio climático e bioeconomía.

QUINTO.- Sendo así, o marco de colaboración entre as institucións persegue o obxectivo común de contribuír ao desenvolvemento forestal de Galicia, en particular ao impulso e promoción da produción e comercialización de material xenético de alta calidade (plantas e sementes). Todas as partes colaboran no desenvolvemento con garantías deste convenio, sen mediar fin lucro, entendendo que os custes necesarios son aqueles estritamente ligados á execución do proxecto.

Así que, sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan a subscripción do presente Convenio, que se desenvolverá compartindo por igual os seus fins e de acordo coas seguintes

CLAUSULAS:

PRIMEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este Convenio rexerese polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/ 2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro) no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entres públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto deste convenio é regular o marco común de colaboración entre as institucións asinantes para apoiar ao sector forestal de Galicia, dun xeito sustentable, a través do:

- Reforzamento das liñas de investigación en materia de mellora xenética forestal, especialmente dos piñeiros.
- Posta en marcha un programa de produción vexetativa de piñeiro mediante:
 - Técnicas de embrioxénese somática.
 - Técnicas de estaquillado de planta forestal de alto valor xenético, dirixido aos entes provedores deste material en Galicia.

- Impulso ás iniciativas de mitigación do cambio climático.
- Fomento e divulgación entre os titulares, xestores e empresas de servizos e aproveitamento as vantaxes no uso deste material, así como a importancia das repoboacións forestais nun contexto de descarbonización e loita contra o cambio climático.

TERCEIRA.- DEFINIÇÃO DAS ACTUACIÓNS CONCRETAS A DESENVOLVER.

Para fin de cumprir os obxectivos propostos, o convenio contempla o desenvolvemento concreto das seguintes accións:

Acción 1. Reforzamento das liñas de investigación dirixidas á mellora xenética forestal

O obxecto desta acción é incrementar a capacidade investigadora no ámbito da mellora xenética das especies de coníferas galegas, en especial daquelas no que o seu aproveitamento de madeira ten unha grande demanda por parte da industria galega. As tarefas concretas a desenvolver serán:

1. Contratación dun/ha investigador/a. A acción céntrase na contratación por parte de Fundación dun investigador que traballará en colaboración co equipo de investigadores que se dedican a esta materia, en particular cos do CIF de Lourizán.
2. Estancia dun científico/a en Galicia. A acción complétase coa invitación dun experto de fóra de Galicia, con cualificación científica recoñecida e con experiencia investigadora a realizar unha estancia en Galicia dedicada a formación de investigadores e a divulgación de técnicas de mellora xenética avanzada.

Tarefas	Ano 2021												Ano 2022											
	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12				
1. Contratación																								
1.1. Desenvolvemento																								
1.2. Misión técnica ó																								
2. Estancia de experto																								

A contribución ao financiamento da AGACAL e a Fundación fíxase en 15.830,00 € para o ano 2021, e 58.690,00 € para o ano 2022. O importe total ascende a 74.520,00 €, para todo o período de vixencia deste convenio.

Entidade	Acheга por ano		TOTAL
	2021	2022	
AGACAL	11.872,50 €	44.017,50 €	55.890,00 €
A Fundación	3.957,50 €	14.672,50 €	18.630,00 €
TOTAL	15.830,00 €	58.690,00 €	74.520,00 €

Acción 2. Poñer en marcha un programa de produción vexetativa forestal

O obxecto desta acción é a posta en marcha dun programa de produción vexetativa das principais especies de piñeiro para o incremento deste material aos titulares, xestores e empresas de servizo en Galicia. As tarefas concretas a desenvolver serán:

1. Produción de planta media técnicas de embrioxénese somática. A acción céntrase na produción de planta mediante esta técnica pola Fundación Arume.
2. Produción de planta media técnicas de estaquillado. A posta en marcha coordinada, entre viveiros galegos, do escalado da produción vexetativa de piñeiro mediante estaquillado de planta forestal de alto valor xenético, polas súas potencialidades industriais e defensivas. A coordinación entre viveiros forestais galegos baseada na especialización dos distintos viveiros na produción de estaquillas, multiplicación vexetativa de cadro de persoal, e, posterior recría ata planta en formato forestal.
3. Rexistrar, discutir e deliberar os custes de referencia deste tipo de reproducións. Á fin de avaliar a súa viabilidade económica a través dun estudo técnico.

Tarefas	Ano 2021												Ano 2022											
	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12				
1. Embrioxénese																								
2. Estaquillado																								
3. Estudo de viabilidade																								

A contribución ao financiamento da AGACAL e a Fundación fíxase en 29.211,71 € para o ano 2021, e 62.477,63 € para o ano 2022. O importe total ascende a 91.689,34 €, para todo o período de vixencia deste convenio.

Entidade	Achea por ano		TOTAL
	2021	2022	
AGACAL	22.005,71 €	40.697,63 €	62.703,34 €
A Fundación	7.206,00 €	21.780,00 €	28.986,00 €
TOTAL	29.211,71 €	62.477,63 €	91.689,34 €

Acción 3. Impulso ás iniciativas de mitigación do cambio climático

Obxecto desta acción e a posta en marcha dun programa para o impulso das iniciativas de mitigación do cambio climático naqueles montes en xestión do órgano forestal ou terreos forestais obxecto de desenvolvemento dos instrumentos contemplados na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. As tarefas concretas a desenvolver serán:

- Reforzamento do papel da Fundación Arume como instrumento vehicular das iniciativas en materia de mitigación do cambio climático. A acción céntrase en reforzar o papel da Fundación Arume como punto de contacto para aquelas organizacións, asociacións ou empresas que desexen realizar accións de mitigación do cambio climático a través de actuacións forestais en montes de Galicia.
- Posta a disposición dos terreos forestais daqueles titulares que voluntariamente desexen participar en ditas iniciativas. Esta tarefa será asumida pola Consellería do Medio Rural, que mediante unha acción coordinada coa Fundación Arume, favorecerá e impulsará a posta a disposición en montes de xestión pública polo órgano forestal de terreos para levar a cabo anteditas iniciativas en materia de cambio climático, ou daqueles terreos forestais obxecto de desenvolvemento dos instrumentos contemplados na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

As condicións e posibles beneficios entre os titulares dos terreos forestais e as organizacións, asociacións ou empresas que desexen realizar accións forestais serán pactadas por ambas partes, non producindo ditos acordos en ningún caso contraprestación onerosa á Consellería do Medio Rural ou á Fundación arume.

Tarefas	Ano 2021									Ano 2022											
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1. Captación iniciativas																					
2. Posta a disposición de terreos																					

Non existirá contribución financeira das partes para o desenvolvemento desta acción.

Acción 4. Divulgación entre os titulares, xestores e empresas de servizos e aproveitamento as vantaxes no uso deste material

O obxecto desta acción será establecer un conxunto de accións de divulgación e comunicación entre titulares, xestores e empresas de servizo que fomente o uso do material xenético mellorado para as novas plantacións forestais de piñeiro en Galicia. Esta actuación se diferenciará en dúas tarefas concretas:

1. Celebración de cursos/seminarios/talleres de traballo. A acción céntrase na celebración de accións de formación e divulgación (presenciais ou por medios virtuais) para o impulso e fomento, afondando nas vantaxes económicas e medioambientais, do material xenético mellorado nas repoboacións forestais de Galicia. Celebraranse un mínimo de 10 accións formativas.

2. Divulgación a través de medios físicos (folletos) e virtuais (web). Esta tarefa será asumida pola Fundación Arume, a Consellería do medio Rural e AGACAL de forma conxunta, lanzando un conxunto de folletos explicativos en formato físico e dixital, a través das súas páxinas web, para divulgar as accións e resultados do presente convenio de colaboración.

Tarefas	Ano 2021									Ano 2022											
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1. Accións divulgación																					
2. Material físico e dixital divulgación																					

A contribución ao financiamento da CMR, AGACAL e a Fundación fíxase en 8.360,05 € para o ano 2021, e 27.925,40 € para o ano 2022. O importe total ascende a 36.285,45 € para todo o período de vixencia deste convenio

Entidade	Acheга por ano		TOTAL
	2021	2022	
CMR	2.850,25 €	2.850,25 €	5.700,50 €
AGACAL	1.635,00 €	16.350,00 €	17.985,00 €
A Fundación	3.874,80 €	8.725,15 €	12.599,95 €
TOTAL	8.360,05 €	27.925,40 €	36.285,45 €

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES.

Para acadar as actuacións propostas é necesario que todas as partes se comprometan a compartir, un conxunto de recursos persoais, materiais, inmateriais e económicos, entendendo que dita sinerxía resulta fundamental para abordar as tarefas conxuntas que se levarán a cabo.

CMR achegará a este proxecto:



- A posta a disposición de terreos de xestión pública para a execución das actuacións descritas e, no seu caso, os terreos forestais que voluntariamente se integren nas accións dirixidas á mitigación do cambio climático.
- A transferencia de material forestal de reprodución (MFR), daquelas familias catalogadas de *Pinus pinaster* que amosan significativa resistencia ao *Bursaphelenchus xylophilus* para a súa utilización nas repoboacións que se leven a cabo con esta especie no presente convenio.
- Persoal técnico territorial (distrito forestal e/ou servizo provincial) que valore, asesore e apoie tecnicamente as actuacións dispostas nos anexos.
- Colaborar no financiamento dos custos que se deriven das actuacións descritas no apartado anterior a través das achegas establecidas na cláusula quinta.



AGACAL achegará a este proxecto:

- Os medios técnicos do CIF de Lourizán necesarios para a realización da actividade investigadora, baixo a dirección e coordinación do persoal responsable do Centro.
- Persoal técnico que valore, asesore e apoie tecnicamente as actuacións a desen volver.
- Colaborar no financiamento dos custos que se deriven das actuacións descritas no apartado anterior a través das achegas establecidas na cláusula quinta.

A Fundación achegará a este proxecto:

- A selección e contratación dun investigador durante 18 meses, coa posibilidade de financiamento dunha misión técnica de dous meses a un país avanzado en materia de mellora xenética e reprodución de coníferas.

- Contactos previos e financiamento da viaxe a Galicia e estancia dun experto durante un máximo de seis meses para reforzar a mellora xenética de coníferas.
- Actuará como instrumento vehicular entre as organizacións, asociacións ou empresas que estean interesadas en facer accións de mitigación do cambio climático e aqueles titulares de terreos forestais que voluntariamente desexen o desenvolvemento de ditas iniciativas.



QUINTA.- FINANCIAMENTO.

A contribución ao financiamento da CMR, AGACAL e da Fundación fíxase en 53.401,76 € para o ano 2021, 149.093,03 € para o ano 2022. **O importe total do convenio ascende a 202.494,79**, para todo o período de vixencia.

Entidade	Achega por ano		TOTAL
	2021	2022	
CMR	2.850,25 €	2.850,25 €	5.700,50 €
AGACAL	35.513,21 €	101.065,13 €	136.578,34 €
Fundación	15.038,30 €	45.177,65 €	60.215,95 €
TOTAL	53.401,76 €	149.093,03 €	202.494,79 €

A contribución ao financiamento da CMR, fíxase en:

- 2.850,25 € para o ano 2021,
- 2.850,25 € para o ano 2022.

Para un total de **5.700,50 €**, financiados con cargo a aplicación 14.03.713B.6401 proxecto 2011 00977


A contribución ao financiamento da AGACAL, fíxase en:

- 35.513,21 € para o ano 2021,
- 101.065,13 € para o 2022.

Para un total de **136.578,34 €**.


Entida de	Aplicación	Modali dade	Código de proxecto	ANOS		TOTAL
				2021	2022	
AGACA L	14.A2.561A 6401	1010	2015 00630	35.513,21 €	101.065,13 €	136.578,34 €
TOTAL				35.513,21 €	101.065,13 €	136.578,34 €

financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicación orzamentaria 14.A2.561A 6401 e código de proxecto 2015 00630




Doutra banda a **Fundación participa na financiación deste convenio cunha achega de 60.215,95 €**, en letra (sesenta mil dous centos quince euros con noventa e cinco céntimos), ascendendo para a anualidade 2021 a 15.038,30 €, en letra (quinze mil trinta e oito euros con trinta céntimos), e para a anualidade 2022 a 45.177,65 €, en letra (corenta e cinco mil cento setenta e sete euros con sesenta e cinco céntimos).

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO



A Fundación presentará perante a AGACAL en tres fases, a 30/11/2021, 30/05/2022 e 30/11/2022, a relación de gastos incorridos en cada fase, desagregada para cada unha das accións programadas, coa súa pertinente documentación xustificativa (facturas, notas de cargo, etc.). Xunto coa relación presentarase memoria das actividades realizadas no período en consideración. Os resultados acadados en cada fase, relatados na memoria pertinente, serán obxecto de avaliación polo Comité de seguimento.



A AGACAL cubrirá os custes dos gastos directa e estritamente vinculados co desenvolvemento do proxecto. A tal fin, e contra xustificación previa, abonará á Fundación o importe correspondente aos custes nos que incorra, ata os límites definidos na cláusula terceira, equivalentes á suma das achegas da AGACAL e a CMR para cada unha das accións e anualidades. So se abonarán os custes que superen, para cada acción, o importe correspondente á achega debida da Fundación en cada anualidade. Os custes de persoal correspondentes a decembro de 2022 sufragaranse exclusivamente con cargo á achega da Fundación.

SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas todas as entidades colaboradoras, a CMR, AGACAL e a Fundación, mediante dous representantes cada unha. Nomeadamente do seguinte xeito:

- 2 persoas representantes das direccións xerais con competencias nas materias do convenio pertencentes á CMR.
- 2 persoas representantes de AGACAL.
- 2 persoas representantes da Fundación.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Avaliar semestralmente os resultados obtidos.
- Exercer a codirección do convenio e velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.




OITAVA.- VIXENCIA E PRÓRROGA.

O presente Convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2022**. Ao termo de cada anualidade calquera das partes poderá denunciar o convenio, cunha antelación mínima dun mes.



NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE.

Toda a información necesaria para a realización das actuacións subministrada por calquera das partes manterase en confidencialidade e evitarase a súa revelación, a excepción das persoas autorizadas.



Esta obriga non se aplicará para a información que a parte destinataria coñecese antes de serlle revelada pola outra parte, nin para aquela de dominio público. Tampouco para a información que fose revelada á parte destinataria por un terceiro que non tiña ningún compromiso ou abriga de segredo ou confidencialidade, nin para a que se faga dispoñible para a parte destinataria por observación directa en campo.

DÉCIMA.- DIFUSION DE RESULTADOS E DATOS.

Tendo en conta o disposto no artigo 103.3 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, a Comisión Mixta establecerá o modo de difusión da información resultante, e a xerada nas medicións de campo e determinados procesos intermedios, de xeito que permita a consulta e o uso da mesma para a elaboración de outros estudos e investigacións.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE.

Nas actuacións que se realicen ao abeiro do presente Convenio será obrigatoria a sinalización das mesmas cos emblema da Xunta de Galicia e a Fundación. As partes comprométense a facer constar a colaboración e a participación de todas as entidades en toda a publicidade que se elabore sobre o convenio, calquera que sexa o medio de difusión.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os existos públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DUODÉCIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL.

A propiedade intelectual e industrial dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, as cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios. En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores e/ou coinventores, a CMR, AGACAL e a Fundación. En particular serán copropietarias das coleccións de material forestal de reprodución (MFR) resultantes na execución do presente convenio, debendo ser subministradas á CMR e AGACAL, de ser así necesario.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso os logotipos da Xunta de Galicia e da CMR e AGACAL, así como da Fundación. Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométese a facer mención expresa da participación conxunta da CMR, AGACAL e a Fundación.

DECIMOTERCEIRA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN.

O presente Convenio poderá ser modificado en calquera momento por mutuo acordo das partes. A modificación efectuarase mediante a subscripción da oportuna Addenda ao Convenio e antes do prazo de finalización do mesmo.

Son causas de resolución do convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
3. O acorde unánime dos asinantes.
4. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
6. Por calquera das causas contempladas na normativa.

As partes poderán denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o presente acordo comunicándoo por escrito á outra parte, cun mes de antelación á data en que vaia a dalo por terminado.

No caso de que, no momento de instarse a resolución do presente convenio, existisen actuacións en execución, continuarían ata a súa finalización, se iso fose factible; en caso contrario, cada unha das partes farase cargo dos gastos que incorrese.

DECIMOCUARTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están abrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, e empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DECIMOQUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DECIMOSEXTA.- RELACIÓN LABORAL.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

DECIMOSÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.


O presente Convenio, de tipoloxía interadministrativa, réxese polos artigos 47 a 53 do capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacorde que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das abrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión Mixta de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade e para a debida constancia do pactado, asinan dixitalmente o presente documento, no lugar e data indicados.



José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural



José Carballo García
Presidente do padroado da
Fundación "Arume"



José Luis Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega de
Calidade Alimentaria (AGACAL)